



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA S.L.U., PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA PLATAFORMA DIXITAL DE CONTIDOS VINCULADOS Á ACTIVIDADE DO IGAPE E DOS DIFERENTES AXENTES QUE COMPOÑEN TANTO O MAPA EMPRESARIAL COMO O ECOSISTEMA INNOVADOR NA COMUNIDADE GALEGA**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O subdirector de Coordinación do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

**DECLARA:**

Que este Instituto ten previsto formalizar coa CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA S.L.U., o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións de colaboración entre o Igape e Corporación Voz de Galicia, S.L.U. para informar e difundir nos seus medios contidos de interese para a sociedade galega sobre actuacións relacionadas co ámbito competencial do Instituto e dos diferentes axentes que compoñen tanto o mapa empresarial como o ecosistema innovador da comunidade galega, a través dunha plataforma dixital de contidos vinculados á actividade do Instituto e a publicación semanal, tanto nas edicións en papel como en programas de radio, das noticias máis destacadas da plataforma.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas. As liberdades consagradas polo artigo 20 da Constitución, como sostén o Tribunal Constitucional, non son só dereitos fundamentais de cada cidadán, senón que significan o recoñecemento e a garantía dunha institución pública fundamental como é a opinión pública libre, de tal maneira que para que o cidadán poida formar libremente as súas opinións e participar de xeito responsable nos asuntos públicos, ten que ser tamén informado amplamente de xeito que poida ponderar opinións diversas e incluso contrapostas.

Desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecerla directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por iso acadan unha específica resonancia social.



O Igape amósase receptivo con todo aquilo que signifique estudo, información e documentación que contribúa a achegar á cidadanía galega o coñecemento das actividades que se levan a cabo desde a Xunta de Galicia e que poidan resultar do seu interese por centrarse en materias como a creación, consolidación, crecemento empresarial e internacionalización das empresas galegas, e en especial a divulgación de iniciativas e proxectos relacionados coa industrialización, a transformación enerxética e dixital do tecido empresarial e do modelo económico galego, así como a consolidación do binomio industria-sostibilidade e as iniciativas de impulso á innovación como factor estratéxico para a competitividade do tecido empresarial.

Por outra banda, Corporación Voz de Galicia realiza unha labor de información e comunicación na área de influencia que abrangue a súa distribución das actuacións da administración autonómica, en xeral, e do Igape en particular, por considerar de importancia a difusión, entre os seus lectores, de aspectos relacionados coas materias da súa competencia.

Esta entidade considera importante o desenvolvemento na súa área informativa de temas relacionados coas competencias deste Instituto con especial referencia a súa situación e incidencia dentro da comunidade autónoma.

O Igape leva anos colaborando coa Corporación Voz de Galicia, S.L.U nas accións de difusión e divulgación da promoción da actividade económica, do emprendemento e da mellora da competitividade e da internacionalización empresarial, e en xeral dos temas relacionados coas competencias do Instituto, con resultados satisfactorios para ambas as dúas partes.

Para poder formalizar esta colaboración entre o Igape e a entidade citada, o contrato administrativo non resulta o medio máis axeitado, tendo en conta que a Administración non promove a edición dunha publicación oficial como edición da Xunta de Galicia, nin tampouco promove directamente unha campaña de divulgación institucional contratando cunha empresa a configuración, deseño e elaboración da mensaxe publicitaria, senón que a finalidade pública acádase a través da actividade propia que desenvolve a empresa editorial, de xeito que non precisa a contratación dun servizo publicitario.

Polo contrario, o convenio resulta un instrumento idóneo para formalizar as actividades de promoción da creación, consolidación, crecemento empresarial e internacionalización das empresas galegas e, en xeral, de todas as materias nas que o Igape ten competencias.

A Administración interésase por un produto editorial da entidade coa que formaliza o convenio e polos seus propios medios e, ao mesmo tempo, financia a actividade de difusión informativa non en concepto de prezo polo servizo prestado, senón como unha forma de participación no custo financeiro do produto obxecto de difusión, dado que a actividade de promoción da empresa editorial coincide, no convenio a subscribir, cos fins de promoción que tamén persegue a Xunta de Galicia na súa actividade de xestión dos intereses xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. As obrigacións que asume Corporación Voz de Galicia, S.L.U ao amparo deste convenio non supoñen en ningún caso publicidade institucional.

As accións desde convenio encádranse no marco dun plan xeral da Xunta de Galicia con todos os medios e a asignación de cantidades resulta proporcionada de acordo con



criterios obxectivos e razoables, fixados con xeneralidade para toda a Xunta no Acordo do 19 de xaneiro de 2006.

A Secretaría Xeral de Medios no seu último informe relaciona os datos de audiencia de todos os grupos de comunicación de Galicia cos cales se vai subscribir o correspondente convenio, entre os que figura Corporación Voz de Galicia, S.L.U. cunha porcentaxe do 45,78% do total da audiencia dos xornais galegos (segundo o Estudio General de Medios 2º acumulado móbil 2024).

O convenio subscríbese coa Corporación Voz de Galicia, S.L.U. por ter este medio unha ampla difusión en Galicia e posuír unha forte implantación territorial na nosa comunidade autónoma (conta con 391.000 lectores diarios na edición de papel segundo o Estudio General de Medios, unha significativa presenza na radio, con 47.409 oíntes diarios, e 1.294.277 usuarios únicos mensuais segundo o medidor de audiencias oficial GfK) así como dispor de seccións específicas nas súas publicacións nas materias de interese do convenio e, deste xeito, dar conformidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de xaneiro de 2006 no que se establecen criterios para a subscrición de acordos ou convenios con empresas titulares dos medios de comunicación.

En relación á porcentaxe que corresponde á edición dixital de Corporación Voz de Galicia respecto das edicións dixitais dos diarios editados en Galicia, a mesma presenta unha cobertura dun 61,9%, segundo os últimos datos publicados por GfK en maio de 2024 (últimos publicados), cunha audiencia media diaria de 357.917 individuos, máis do dobre que o segundo medio dixital, cuxa media diaria audiencia é de 144.922, e seis veces máis que o terceiro, que ten un promedio de 54.696 lectores diarios.

A Voz de Galicia é o terceiro periódico xeneralista de España, segundo datos do 2º acumulado móbil do EGM de 2024. No territorio galego é a cabeceira hexemónica e a súa edición dixital é a primeira web informativa da comunidade. Segundo os datos de GfK e de Google Analytics, é a páxina web máis consultada de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O subdirector de Coordinación do Igape